
***Protocolo de actuación
en abusos sexuales
a menores***



DOCUMENTO DE PRESENTACIÓN DO PROTOCOLO DE ACTUACIÓN EN ABUSOS SEXUAIS A MENORES

O documento que presentamos a continuación é un Protocolo de actuación conxunta para casos de abusos sexuais a menores.

A partir da dolorosa experiencia que ante este tipo de casos nos toca compartir tanto cos menores abusados, como coas súas familias, cremos necesario que ningunha das accións -administrativas, xudiciais e terapéuticas- que se deriven dun caso de sospeita ou confirmación de abuso sexual a un menor, representen para este un dano psicolóxico engadido ó que xa ten sufrido pola tráxica situación experimentada.

Con este obxectivo achegamos a tódolos profesionais competentes nesta materia este Protocolo de actuación que inclúe unha serie de recomendacións que farán viable, en caso necesario, decisións administrativas e xudiciais coherentes co supremo interese dos nenos.

A coordinación entre os diferentes estamentos que deben actuar ante un caso dun neno abusado sexualmente, deberá evitar que os procesos:

- En ningún caso representen unha victimización secundaria para o neno (toda decisión procesual que supón a separación do menor do seu núcleo sociofamiliar).
- Provoquen no neno abusado un conflito de lealdades respecto dos seus proxenitores ou titores, tanto no que se refire á persoa abusadora -careos- como ó outro membro da parella -cando actúa como encubridor-.



O Protocolo de actuación en abusos sexuais a menores foi consensuado entre diferentes organismos competentes en materia de infancia:

- Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude (Dirección Xeral de Familia.)
- Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.
- Valedor do Pobo.
- Consellería de Xustiza , Interior e Relacións Laborais (Dirección Xeral de Xustiza e Dirección Xeral de Interior e Protección Civil).
- Consellería de Sanidade e Servicios Sociais (División Xeral de Asistencia Sanitaria).
- Delegación do Goberno en Galicia.



PROTOCOLO DE ACTUACIÓN EN ABUSOS SEXUAIS A MENORES

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2000

I INTRODUCCIÓN

A existencia de abusos sexuais ós menores constitúe un problema de graves e profundas repercusións psicolóxicas, sociais, xurídicas e médicas. A súa extremada complexidade require un enfoque multidisciplinario, ademais dun elevado grao de coordinación para acadar a máxima rendabilidade dos programas preventivos e de intervención, así como dos recursos existentes.

Para cumprilo obxectivo multidimensional de mellora-la intervención, cómpre desenvolver unha metodoloxía a seguir desde que os casos son remitidos e coñecidos polo Servicio de Defensa do Menor ata que se adoptan as decisións oportunas nun proceso que ten como fin garanti-la debida protección do/s menor/es.

É notorio que a necesidade de proporcionarlles ós/ás nenos/as e ós/ás adolescentes os medios para un desenvolvemento harmónico e equilibrado, reclama a adopción de políticas múltiples nos eidos sanitario, socio - asistencial, educativo, xudicial e policial, que deberán estar postas en conexión e axeitadamente coordinadas.

O protocolo de traballo que hoxe presentamos sistematiza unha serie de accións dentro dun fluxo dinámico e aberto que se inicia co coñecemento do caso e se pecha cando pode garantirse a súa protección nunha situación de estabilidade. É dicir, o protocolo establece un procedemento de colaboración para coordinar tódolos traballos que desenvolvan os distintos organismos implicados no eido dos abusos sexuais a menores.

Con este obxectivo e segundo as competencias que en materia de menores lles corresponden, a Xunta de Galicia, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a Delegación do Goberno en Galicia e o Valedor do Pobo, veñen de artella-los mecanismos precisos para facilita-la confluencia e coordinación de toda a información relevante neste protocolo. Ó mesmo tempo, con este documento preténdese que a canalización das denuncias relacionadas con todo tipo de abusos sexuais, posúa tanta axilidade como os recursos destinados a este fin poidan desenvolver. Neste sentido, independentemente de que sexa outro o organismo receptor da denuncia, é necesario salientar que a experiencia acumulada polo Teléfono do Neno, 112 (Servicio Único de Emerxencias), xunto coa inmediatez propia deste recurso, facilita en gran medida o comezo das actuacións.



Por conseguinte, a finalidade deste protocolo é a de mellora-la coordinación entre tódalas institucións implicadas, de xeito que se evite a duplicidade de actuacións e que tódalas instancias colaboren activamente.

II. PRINCIPIOS.

A actuación dos poderes públicos, no exercicio das funcións de asistencia e protección ós menores vítimas de abusos sexuais, debe estar presidida polos seguintes principios rectores:

- En primeiro lugar, o supremo interese do neno, principio que xa recollen tódolos textos legislativos existentes en materia de menores no noso país, logo da súa proclamación na Convención sobre os Dereitos do Neno da Asemblea Xeral das Nacións Unidas do 20 de novembro de 1989.
- Para evitar que un menor vítima dun delito sexual sexa tamén vítima doutro maltrato, o institucional, debe coexisti-lo principio da mínima intervención xunto coas garantías procesuais de inmediación, publicidade e contradicción. Esta mínima intervención ha de entenderse no sentido de evita-la victimización secundaria dos menores, tendo en conta as súas necesidades e dereitos.
- Segundo se reflicte na Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, a infancia e da adolescencia (art. 3º. 10), "A confidencialidade de tódalas actuacións que promovan as administracións públicas e institucións privadas en interese e defensa da infancia e da adolescencia". Na mesma Lei (art.22º.3) sinálase que "as autoridades e as persoas que pola súa profesión ou función coñezan o caso actuarán coa debida reserva".

III. TIPOS DE CASOS

Por abuso sexual dun menor enténdese calquera clase de contacto sexual cun neno/a por parte dun adulto desde unha posición de poder ou autoridade sobre o menor. O adulto usa ó neno para estimularse sexualmente, pero non é necesario que haxa un contacto físico para considerar que existe abuso sexual.

Os tipos de abuso sexual son varios:

-Con contacto físico:

- incesto : contacto físico sexual ou realización do acto sexual por un parente de consanguinidade (pai, nai, avó, avoa) ou por un irmán/á, tío/a, sobriño/a. Inclúese tamén o contacto físico sexual con figuran adultas que estean cubrindo de xeito estable o papel de figuras parentais.



- **Violación** : contacto físico sexual ou realización do acto sexual por unha persoa adulta, exceptuando os casos sinalados no apartado anterior como incesto.
- **Vexación sexual**: conducta sexual cun ou cunha menor cando o contacto, estimulación ou interacción ten por obxecto a gratificación das necesidades ou desexos sexuais do adulto.

- Sen contacto físico:

- **Solicitud indecente** a un neno/a ou seducción verbal explícita.
- **Exposición dos órganos sexuais** diante dun neno ou nena co propósito de obter excitación e/ou gratificación sexual, agresión, degradación ou propósitos similares.
- **Realización do acto sexual** intencionadamente na presenza dun ou dunha menor co obxecto de busca-la excitación ou gratificación sexual, agresión, degradación ou propósitos similares.
- **Masturbación en presenza dun neno/a** .
- **A explotación sexual do menor** , esto é:
 - Implicar a menores de idade en conductas ou actividades que teñan que ver coa produción de pornografía.
 - Promove-la prostitución infantil.
 - Obrigar ós nenos a ver actividades sexuais doutras persoas.

A partir das modificacións introducidas no Código Penal e desde o punto de vista estritamente legal, corresponde face-las seguintes diferenciacións:

As actuacións contra a liberdade sexual teñen especial relevancia nos menores dada a súa situación de indefensión, que en moitos casos acompáñase dunha situación de especial superioridade do autor sobre a vítima, superioridade que pode derivar da relación de parentesco.

As actuacións contra a liberdade sexual dos/as nenos/as poden constituír:

- Agresións sexuais:

Supoñen violencia ou intimidación senoo o suposto mais grave o da violación (acceso carnal, introducción de obxectos ou penetración bucal ou anal).



- Abusos sexuales en sentido estricto:

Non hai violencia ou intimidación pero si falla de consentimento da vítima ou consentimento viciado. Se considera falla de consentimento cando a vítima é menor de doce anos ou cando o consentimento se obteña prevaléndose dunha situación de superioridade manifesta.

Cando o abuso sexual conleve violación agrávase a pena para os parentes por natureza ou adopción.

- Exhibicionismo sexual:

Comprende executar, ou facer executar a outros, actos de exhibición obscena ante menores de idade.

- Provocación sexual:

Inducir ou difundir, vender ou exhibir, por calquera medio directo, material pornográfico entre menores de idade.

- Delictos relativos a prostitución:

Introducir, promover, favorecer ou facilita-la prostitución dunha persoa menor de idade, ou utilizar un menor de idade con fines ou en espectáculos exhibicionistas ou pornográficos.

Desde o ordenamento xurídico penal as referencias ás diferentes tipoloxías mencionadas figuran no Título VIII do Código Penal, distribuídas en seis capítulos:

- Capítulo I (art. 178 a 180): Das agresións sexuais.
- Capítulo II (art. 181 a 183): Dos abusos sexuais.
- Capítulo III (art. 184): Do acoso sexual.
- Capítulo IV (art. 185 e 186): Dos delitos de exhibicionismo e provocación sexual.
- Capítulo V (art. 187 a 190): Dos delitos relativos á prostitución.
- Capítulo VI (art. 191 a 194): Disposicións comúns ós capítulos anteriores.

Os efectos dos abusos sexuais son moi variados, dependendo de:

- ☉ o tipo de agresión
- ☉ a idade do agresor e a vítima
- ☉ o tipo de relación entre ámbolos dous
- ☉ a duración da agresión
- ☉ a frecuencia da agresión
- ☉ a personalidade do neno agredido
- ☉ a reacción do contorno
- ☉ outros factores.



IV. INDICADORES DE ABUSO SEXUAL.

Os nenos e nenas que sofren abusos sexuais amosan coa súa conducta algúns *indicadores do abuso*. Sen embargo, hai que ter en conta que non hai síntomas vinculados exclusivamente ós abusos. O máis importante é que os pais e profesores saiban que cando un neno sofre un abuso, é seguro que o manifestará dunha ou doutra maneira. Os indicadores máis facilmente identificables son:

Indicadores físicos:

- Dificultade para andar e sentar.
- Roupa interior manchada, rachada ou ensanguentada.
- Picor ou dor na zona xenital.
- Contusións ou sangrado nos xenitais externos, zona vaxinal ou anal.
- Cervix ou vulva hinchadas ou vermellas.
- Seme na boca, xenitais ou roupa.
- Embarazo.
- Enfermidades de transmisión sexual.
- Infeccións asociadas a enfermidades de transmisión sexual.
- Dilatación anal e / ou perda do ton do esfinter.

Indicadores conductuais:

- Aillamento social.
- Desconfianza nas relacións.
- Coñecementos e/ou prácticas sexuais impropias da idade.
- Linguaxe sexual.
- Conductas agresivas.
- Conductas delincuenciais.
- Uso de drogas.
- Problemas escolares.

Indicadores emocionais:

- Síntomas de ansiedade, terrores nocturnos, depresión.
- Sentimentos de culpa.
- Medo ós adultos.
- Agresións e/ou conflitos coa familia ou cos amigos.
- Evolución psíquica e de carácter favorable, concurrente co ingreso hospitalario.

É importante sinalar que a presenza destes factores ou indicadores non proba que exista ou existira o abuso sexual. Sen embargo, en caso de presentarse algún destes indicadores xunto con información adicional (doutros persoas que coñecen á familia, por exemplo) convén sospeitar que pode haber nenos en risco ou que están a recibir abusos sexuais.



V. DETECCIÓN E NOTIFICACIÓN.

A detección e notificación son as primeiras condicións para intervir nun caso de abusos sexuais á infancia e poder así axudar ó neno/a que sofre este problema.

Os profesionais dos servicios comunitarios ou de base, especialmente os / as Traballadores Sociais teñen, por razóns de proximidade, un papel relevante na detección – e, polo tanto, na notificación – de situacións de abuso sexual e / ou de risco.

Igualmente, en relación coa poboación ou familias nas que se detectan indicadores de risco, é relevante a intervención dos profesionais da Pediatría, a Enfermería e o Traballo Social.

Para notificar un caso non é necesario posuír unha certeza de que a situación de abuso sexual se está a producir, senón que é suficiente ter unha sospeita razoable. Tal sospeita derivará da observación dalgúns dos seus indicadores (físicos ou comportamentais do neno/a ou dos pais).

As denuncias de abusos sexuais poden dirixirse ou detectarse en:

- Servicio de Defensa do Menor (Dirección Xeral de Familia – Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude).
- Servicios de Menores das respectivas Delegacións Provinciais da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.
- Teléfono do Neno, 112 (Servicio Único de Emerxencias). A xestión deste servizo telefónico permanente corresponde á Dirección Xeral de Familia en coordinación coa Dirección Xeral de Interior e Protección Civil.
- Forzas e Corpos de Seguridade.
- Centros de Saúde.
- Servicios de Urxencias dos Hospitais.
- Xulgado de Garda.
- Fiscalías de Menores.
- Escola.
- Veciños / comunidade.

O deber de comunicación ven establecido imperativamente pola Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, a infancia e a adolescencia, no seu artigo 22, vinculando a toda persoa pero, en especial a quen por razón da súa profesión teña coñecemento dunha situación de grave risco dun menor. Esa posible existencia de abuso sexual a un menor deberá poñerse en coñecemento da autoridade xudicial ou do organismo administrativo competente, que garantirá a reserva absoluta e anonimato.



Cando só existe a sospeita de abusos sexuais, a institución que a detecte deberá comunica-la situación á Fiscalía de Menores ou ó Xulgado de Garda, que, previa a valoración da verosimilitude do delito, deberán investiga-lo caso e toma-las medidas oportunas, e á Dirección Xeral de Familia cando exista a posibilidade de desamparo do menor.

No momento da detección, a información que recollen os profesionais pretende a consecución dos seguintes obxectivos:


- 1.- Determinar se o caso constitúe unha situación de abuso sexual ou se a problemática é doutra índole, correspondendo a súa abordaxe a outros organismos.
- 2.- Recoller información relevante para identificar ás persoas relacionadas co caso, coñece-la situación notificada e realizar unha avaliación inicial da severidade do caso e determina-lo proceso a seguir.
- 3.- É de especial importancia a inmediatez na análise das evidencias físicas de agresión, así como a recollida de mostras. Isto só é posible cando a vítima recibe atención inmediata.
- 4.- En relación co apartado anterior, será especialmente útil o adestramento do persoal de Urxencias así como o dos Servicios de Atención Primaria. En ámbolos dous casos, a dispoñibilidade de kits que permitan a recollida e conservación de mostras – restos de fluídos -, contribuirá a mellora-la investigación.

VI. INTERVENCIÓN

Cando se teña a certeza da existencia de abusos sexuais, a intervención haberá de ser inmediata:

- asistencia médica e psicolóxica.
- protección xudicial, policial e administrativa.

Ante a existencia dun abuso sexual, o menor ten que pasar por diversos departamentos administrativos e xudiciais, por conseguinte, cómpre dar respostas xurídicas e asistenciais coordinadas e globais pensando no interese superior do neno, principio que ha de guía-la actuación de todos.



Os organismos que se poden ver implicados son os seguintes:

CONSELLERÍA DE FAMILIA E PROMOCIÓN DO EMPREGO, MULLER E XUVENTUDE.

1. Recepción do caso no Servicio de Defensa do Menor (Dirección Xeral de Familia) ou nos Servicios de Menores das delegacións provinciais. Estes terán como obxectivo prioritario reuni-la información suficiente para determina-la gravidade do dano sufrido polo menor e o risco que corre.
2. O delegado provincial cando tivese constancia por calquera medio da existencia dun menor que puidese estar en situación de desamparo ordenará a incoación do oportuno expediente.
3. Se se aprecia unha situación de desamparo, o delegado provincial asumirá a tutela do menor e esta subsistirá en tanto non desaparezan as causas que a motivaron, se proceda á constitución da tutela ordinaria, o menor se emancipe ou chegue á maioría de idade.
4. As delegacións provinciais, para o exercicio destas competencias, terán baixo a súa dependencia ós equipos técnicos do menor, de carácter pluridisciplinar.
5. Solicitaranse os informes sociais, médicos, psicolóxicos, pedagóxicos ou policiais oportunos, así como calquera outro que fose necesario no exercicio das competencias na materia. Tamén poderase recadar información doutras persoas ou institucións sobre a situación do menor ou da súa familia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE E SERVICIOS SOCIAIS

1. En cumprimento do disposto polo artigo 262 da Lei de axuizamento criminal, o persoal sanitario estará obrigado a denunciar inmediatamente os feitos ó Ministerio Fiscal, ó tribunal competente, ó xuíz de instrucción ou, no seu defecto, ó funcionario das Forzas e Corpos de Seguridade máis próximo ó sitio, se se tratase dun delito flagrante.
2. No mesmo sentido, establece o artigo 13 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de axuizamento civil que toda persoa ou autoridade, e especialmente aqueles que pola súa profesión ou función, detecten unha situación de risco ou posible desamparo dun menor, comunicaranno á autoridade ou ós seus axentes máis próximos, sen prexuízo da prestarlle o auxilio inmediato que precise.



3. Cando un menor acode ós servizos de urxencias dun hospital, ou a un centro de saúde, ou mesmo ó médico de referencia cando se trate de núcleos rurais, presentando indicadores que sospeitan da existencia de abusos sexuais, os profesionais deste medio, ademais de prestarlle asistencia sanitaria de urxencia, deberán ser conscientes da importancia de evitar accións que poidan obstruí-la recollida de evidencias ante un caso de abuso sexual.

4. O recoñecemento médico inicial levarase a cabo conxuntamente polo pediatra, o médico de urxencias – no caso de que non haxa pediatra –, o médico forense e, se fora preciso, o xinecólogo. En calquera caso, a ausencia dalgún destes profesionais non debe retrasa-la urxencia do exame, xunto coa recollida de evidencias e información que daquel se deriven.

5. O informe médico deberá expoñe-lo estado físico e psíquico do menor. O dito informe, unha vez asinado, ten a consideración de proba xudicial, e completado cos resultados das análises forenses, será utilizado no xuízo para determina-la culpabilidade do presunto agresor.

6. Os obxectivos que debe perseguir-lo exame médico en caso de abuso sexual a un menor son os seguintes:

- Acadar probas médicas que sirvan para a persecución xudicial do delito, aspecto médico-legal moi difícil de lograr nos casos de abusos sexuais a nenos e nenas.
- Ofrecer un tratamento médico das posibles lesións, enfermidades de transmisión sexual e/ou embarazo.
- Servir de apoio psicolóxico e dar seguridade á vítima. Os nenos acoden ó médico xeralmente asustados e cómpre gaña-la súa confianza para unha total colaboración.

FORZAS E CORPOS DE SEGURIDADE

1. A intervención das Forzas e Corpos de Seguridade (Policía Nacional, Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma e Garda Civil) pódese producir para:

- Recoller testemuños e probas dirixidas a verificar ou refuta-la existencia dun delito ou falta a un menor.
- Adopta-las medidas de protección, control, sanción e a derivación do caso ó sistema xudicial ou de protección infantil se é pertinente.
- Detectar nenos que viven en circunstancias familiares e sociais de risco.



- Recoller notificacións ou denuncias dos cidadáns, profesionais, institucións, menores, etc., relativas a nenos en situación de risco ou desprotección.
- Protexer e apoiar ós técnicos dos servicios de protección á infancia na execución do procedemento e de medidas administrativas cando haxa oposición dos pais ou, se é o caso, trasladalo menor tutelado ó centro de destino. Este servizo vén sendo realizado pola UPA (Unidade da Policía Adscrita).

Naqueles casos nos que os membros das Forzas e Corpos de Seguridade teñan que intervir para exercer a coacción física ou moral en presenza do menor ou procedan ó seu traslado, adoptarán tódalas medidas menos gravosas e axeitadas á súa atacada dignidade.

2. No suposto de que un menor acuda á policía denunciando a existencia dun abuso sexual, prestaráselle asistencia inmediata preferentemente por persoal especializado (grupos SAF, no Corpo Nacional de Policía o EMUME, na Garda Civil e o Servicio de Violencia Intrafamiliar da UPA), procurando, se fora preciso, acompañalo a un centro sanitario e dando conta ó Xulgado de Garda.

3. Cando os membros das Forzas e Corpos de Seguridade sexan informados a través dun hospital ou centro de saúde da existencia dun abuso sexual a un menor, poñeranse en contacto co centro para recolle-la denuncia.

4. En todo caso, os membros da policía actuarán coordinadamente co sistema xudicial e cos servicios de protección de menores coa finalidade de evita-la duplicidade nas investigacións.

INTERVENCIÓN DO FISCAL

1. O Ministerio Fiscal é a institución constitucionalmente encargada de promover a acción da xustiza, e en concreto está chamada á defensa daquelas persoas que non poden valerse por si mesmas, como ocorre cos menores que non acadaron a súa plena capacidade de obrar.

2. No mesmo sentido, a Lei 21/1987, do 11 de novembro, pola que se modifican determinados artigos do Código Civil e da Lei de axuízamento civil en materia de adopción, establece que a protección de menores descansa nas entidades públicas de protección de menores de cada Comunidade Autónoma, por traspaso do Estado destas competencias, que as exercen baixo a superior vixilancia do Ministerio Fiscal.

3. Calquera cidadán pode dirixirse ó Fiscal e presentar unha denuncia. Neste suposto, o Fiscal ten facultade para investiga-los feitos e, se considera que existen indicios de responsabilidade penal por parte dalgunha persoa, demandará ó xulgado que se inicie o procedemento xudicial correspondente.



Por conseguinte, o Fiscal é unha peza fundamental na intervención contra os abusos sexuais a menores porque pode instar ante os órganos xudiciais que se adopten medidas de protección, mesmo a privación da patria potestade ou a extinción da tutela ou garda do menor, ademais de ter atribuída outra importante función que é a de vixilancia.

INTERVENCION DO XUIZ

A intervención xudicial nas situacións de abusos sexuais a menores pode acadala orde xurisdiccional civil e penal, posto que un abuso sexual a un menor de idade ten tanto consecuencias xurídico-penais como xurídico-civís.

Á vista da terrible situación na que se atopan os menores que son vítimas de abusos sexuais - os nenos, ademais de sufri-lo mal infinito da agresión, sofren, con posterioridade, o calvario do proceso penal- faise necesario enunciarse unha serie de recomendacións para os diversos organismos implicados nestes casos co obxecto de acadala protección destes nenos. Polo tanto:

- Debe evitarse que un neno sexualmente abusado sexa obrigado a declarar e ser sometido a interrogatorios sobre a súa trágica experiencia varias veces: na comisaría, no Xulgado de Instrucción e no xuízo oral. Á marxe do proceso xudicial, profesionais doutros ámbitos (médicos, psicólogos, traballadores sociais) adoitan entrevista-lo menor en relación co acontecido.
- O tempo transcorrido entre a comisión do abuso e a denuncia, entre esta e o testemuño ante o Xuíz de Instrucción, case nunca é inferior a un mes. Ata a celebración do xuízo oral poden transcorrer dous anos. Tempo para que os sentimentos de culpa e os efectos negativos na memoria do neno, conculquen os seus dereitos.
- A protección do menor, deberá ser compatible co obxectivo do procedemento: a imposición dunha pena ó autor do delito e o restablecemento da orde social agredida.
- Haberá que procurar que a intervención xudicial non represente para o menor abusado unha victimización secundaria, provocada pola súa separación do núcleo familiar.
- No caso de abuso sexual probado, deberán artellarse os mecanismos xudiciais necesarios para que sexa a persoa abusadora e non o menor abusado, a obrigada a abandona-lo domicilio familiar.



- Haberán de evitarse dilacións innecesarias, artellando un procedemento fiable que permita avaliar nunha única declaración en qué medida o testemuño do neno é real ou ficticio.
- A linguaxe e demais aspectos formais do xuízo aplicaranse tendo en conta a idade e o desenvolvemento do menor.
- Hai que ter en conta que o menor descoñece o procedemento legal e a posición física elevada que ocupan os xuíces, avogados e demais actores do proceso. Ademais, a roupa destes e a existencia de público na sala poden intimidar ó menor.
- Deberase evitar, cando o caso o permita, a declaración do menor na Sala de Vistas. Neste sentido, a Lei orgánica 14/1999, do 9 de xuño, de modificación do Código Penal de 1995, en materia de protección ás vítimas de malos tratos e da Lei de axuizamento criminal, introduce unha novidade importante ó establecer que *"Cuando el testigo sea menor de edad, el Juez atendiendo a la naturaleza de/ delito y a las circunstancias de dicho testigo, podrá acordar en resolución motivada y previo informe pericial que se evite la confrontación visual de/ testigo con el inculpado, utilizando para ello cualquier medio técnico o audiovisual que haga posible la práctica de esta prueba"* (artigo 448 da Lei de axuizamento criminal).

Na mesma liña, o artigo 455 da mesma lei declara que *"No se practicarán careos con testigos que sean menores de edad salvo que el juez lo considere imprescindible y no lesivo parra el interés de dichos testigos, previo informe pericial"*.

- Non deberá ser necesaria a declaración do menor:
 - Cando haxa que esperar á recuperación psicolóxica do menor.
 - Se hai denuncia dun profesional.
 - Se existen suficientes probas ou estas poden obterse doutro xeito.
 - Se o neno é menor de seis anos.
- A repetición de exploracións só poderán realizarse por requerimento xudicial.

En definitiva, este protocolo tenta dar unha resposta coordinada e global para os casos de abusos sexuais a menores, establecendo unhas pautas de actuación para os diversos organismos que se poidan ver implicados.



UNHA PROPOSTA INICIAL DE TRABALLO CONXUNTO

Tendo en conta que:

- A denominación xenérica de "abusos sexuais" abrangue unha grande variedade de conductas que teñen como denominador común a implicación de nenos e adolescentes en actividades sexuais que non coñecen e para as que non teñen dado o seu consentimento.
- O abuso sexual en calquera dos tipos que inclúe, presenta dificultades extremas para ofrecer probas irrefutables que delaten ó agresor, dado que as lesións, se as houbera, persisten poucos días.
- No 90% dos casos de abuso sexual os agresores son coñecidos da vítima e ata un 65% son familiares.

Considérase necesario e útil consensuar criterios de actuación conxunta para os casos de agresión ou abuso detectados e atendidos inmediatamente despois de ter ocorrido.

Os criterios de actuación que a continuación se propoñen precisan do acordo das partes implicadas:

I. Unha vez trasladado/a o/a menor ó Servicio de Urgencias ou calquera outro dos citados, comunicaranse os feitos inmediatamente ó Xulgado de Garda.¹

II. O recoñecemento médico levarase a cabo preferentemente coa colaboración do médico forense. En todo caso, se este último non puidera estar presente, o exame deberá facerse igualmente, sexa no Servicio de Urgencias ou no Centro de Atención Primaria. Débese ter en conta que nalgúns casos, pola gravidade da pena correspondente ó delito, haberá de instruírse sumario, para o que cómpre á práctica da proba por dous peritos (art. 459 LECR). Esta primeira actuación do médico forense con outro facultativo fará innecesario outro recoñecemento.

III. Se para determinar a decisión xudicial é precisa e urxente a declaración do neno/a abusado/a, tal declaración debe desenvolverse no xulgado. Será especialmente útil e tranquilizador para a vítima contar coa presenza dun profesional do Servicio de Defensa do Menor da Dirección Xeral de Familia, cando así o considere conveniente a autoridade xudicial.

IV. En todo caso, deben ser características desta parte do proceso:

A declaración debe ser inmediatamente posterior á exploración médica.

¹ Ver ANEXO I. Servicios de Urgencia hospitalarios.



- Tratarase de que o xuíz esté presente, de xeito que só excepcionalmente teña que ser delegada na policía ou noutras forzas de seguridade a dilixencia de tomar declaración. Sempre que sexa posible será o Xuíz de Garda o que reciba a primeira declaración da vítima, posto que no caso de que se produza só ante a Policía, non é reproducible no xuízo oral e deberá ser repetida.
- A declaración debe ter lugar nunha sala adecuada ás características e á situación do menor.
- Atendendo ás modificacións introducidas na "Ley de Enjuiciamiento Criminal" (L. O. 14 /1999, de 9 de junio), e segundo a nova redacción do art. 707, será desexable que a sala dispoña dispoñer dun espello de visión unidireccional ou de monitores de televisión, de maneira que as partes poidan presencia-la declaración.
- Das modificacións derivadas da lei citada e en referencia ó mesmo artigo, considerar, se o xuíz ou o tribunal o estima oportuno, a posibilidade de graba-la declaración en vídeo, para que poida ser utilizada polo órgano sentenciador na fase de xuízo oral.


V. Na fase de instrucción, as probas periciais serán só as imprescindibles e tódalas partes amosarán especial interese en que sexan practicadas só unha vez.

VI. Atendendo ás modificacións da Lei de axuizamento criminal e en relación co parágrafo engadido ó art. 713, evítanse os careos cos menores, agás cando o xuíz ou tribunal, previo informe pericial, o considere imprescindible e non lesivo para o menor.

VII. No que respecta á declaración xudicial do neno/a:

- Evitar que á vítima da agresión sexa obrigada a facer máis dunha declaración sobre o acontecido. Neste sentido, a gravación da entrevista que sigue á exploración médica debería ser validada como única declaración.
- Cómpre evita-lo enfrontamento do/a neno/a agredido/a ou abusado/a e procurárase en todo caso a protección visual do menor, así como a súa intimidade, polo que o xuízo celebrárase a porta pechada.
- O xuízo terá prioridade horaria sobre outros sinalados para o mesmo día, de xeito que sexa sempre o primeiro en realizarse.

VIII. A continuidade do/a neno/a no fogar familiar, xunto coa separación do mesmo do agresor, será un obxectivo prioritario de tódalas partes que interveñan.







IX. Cando se trate dun caso das características que estamos a describir, procurarase que tódalas partes do proceso nas que a participación da vítima ou o testemuño doutros nenos sexa necesario, teñan lugar sen que transcurran intervalos prolongados de tempo desde a ocorrencia dos feitos.

X. Sempre que sexa posible aplicaranse xuízos rápidos.

[Handwritten signatures and notes on the left side of the page]



DENUNCIA



Handwritten notes and signatures on the left side of the page, including a large signature at the top and another at the bottom.